

Glosario básico de acceso aberto

(galego – inglés)

SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Glosario básico de acceso aberto
(galego – inglés)

2017

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[Os equivalentes en inglés e as definicións están parcialmente recollidas do *Open research glossary*, <<http://www.righttoresearch.org/resources/OpenResearchGlossary/>>. Consultado: 24/10/2017]

Autoría

Servizo de Normalización Lingüística
Universidade de Compostela



Abreviaturas empregadas

f	substantivo feminino
m	substantivo masculino
pl	plural
sg	sigla
Sin.	forma sinónima
EN	inglés

Glosario básico de acceso abierto

1. **acceso aberto** (*m*)

Sin.- AO (*sg*)

EN.- *open access; OA*

Modalidade de acceso aos recursos dixitais derivados da produción científica ou académica que permite que estes estean accesibles a través de Internet para seren lidos, descargados, copiados, distribuídos, impresos e estudados, sen que se establezan barreiras económicas ou restricións derivadas dos dereitos de copyright que poidan existir sobre eles.

2. **acceso aberto dourado** (*m*)

Sin.- vía dourada (*f*)

EN.- *gold open access; gold OA*

Modalidade de acceso aberto pola cal a propia editorial que publica un documento o deixa libremente dispoñible no momento mesmo en que o publica.

3. **acceso aberto verde** (*m*)

Sin.- vía verde (*f*)

EN.- *green open access; green OA*

Modalidade de acceso aberto pola cal o autor dun documento permite que este estea libremente dispoñible autoarquivando nun repositorio unha versión del.

4. **addenda** (*f*)

Sin.- addenda do autor

EN.- *addendum; author addendum*

Acordo que se engade a un contrato de publicación que precisa ou modifica os termos do contrato, sobre todo no que ten que ver coa transferencia da propiedade do copyright.

5. **autoarquivo** (*m*)
EN.- self-archiving
Acción pola que un autor deixa accesible unha copia dun documento propio nun sitio web persoal, nun repositorio institucional ou doutro tipo.

6. **avaliación por expertos** (*f*)
Sin.- revisión por expertos
EN.- peer review
Avaliación dun artigo, dunha publicación, dun proxecto, etc. realizada por expertos na materia de que trata.

7. **acceso restrinxido** (*m*)
EN.- toll access
Modalidade de acceso aos recursos dixitais que os bloquea por medio dunha barreira de pagamento de tal modo que é preciso pagar unha cantidade económica ou unha subscrición fixa para poder acceder a eles.

8. **barreira de pagamento** (*f*)
Sin.- muro de pagamento (m)
EN.- paywall
Sistema que serve para limitar total ou parcialmente o acceso a unha serie de contidos que se ofrecen en Internet, e que pode ser desbloqueado se se paga unha cantidade económica en concepto de subscrición.

9. **CC Atribución** (*f*)
Sin.- CC BY
EN.- Attribution; CC BY
Licenza Creative Commons que permite que terceiras persoas distribúan, fusionen, axusten e recreen sobre unha obra,

mesmo comercialmente, con tal de que atribúan ao seu autor a creación orixinal.

10. CC Atribución-Compartir igual (f)

Sin.- CC BY-SA

EN.- *Attribution-ShareAlike; CC BY-SA*

Licenza Creative Commons que permite que terceiras persoas distribúan, fusionen, axusten e recreen sobre unha obra, mesmo con fins comerciais, con tal de que atribúan ao seu autor a creación orixinal, e as súas novas obras se protexan coa mesma licenza.

11. CC Atribución-Non comercial (f)

Sin.- CC BY-NC

EN.- *Attribution-NonCommercial; CC BY-NC*

Licenza Creative Commons que permite que terceiras persoas distribúan, fusionen, axusten e recreen sobre unha obra, sempre que o fagan sen interese comercial, e lle atribúan ao autor a creación orixinal.

12. CC Atribución-Non comercial-Compartir igual (f)

Sin.- CC BY-NC-SA

EN.- *Attribution-NonCommercial-ShareAlike; CC BY-NC-SA*

Licenza Creative Commons que permite que terceiras persoas fusione, axusten e recreen sobre unha obra sempre que o fagan sen interese comercial, lle atribúan ao autor a creación orixinal e licencien as súas novas obras nas mesmas condicións.

13. CC Atribución-Non comercial-Non derivadas (f)

Sin.- CC BY-NC-ND

EN.- *Attribution-NonCommercial-NoDerivatives; CC BY-NC-ND*

Licenza Creative Commons que permite que terceiras persoas descarguen a súa obra e a compartan sempre que lle atribúan ao autor a creación orixinal e non realicen sobre ela cambio ningún nin a utilicen comercialmente.

14. **CC Atribución-Non derivadas** (f)

Sin.- CC BY-ND

EN.- *Attribution-NoDerivatives; CC BY-ND*

Licenza Creative Commons que permite que terceiras persoas distribúan unha obra, con interese comercial ou sen el, mentres non a modifiquen e respecten a súa integridade, e atribuíndolle sempre ao seu autor a creación orixinal.

15. **colección** (f)

EN.- *collection*

Agrupación de ítems relacionados (ben tematicamente, ben polo tipo de documento ou pola súa procedencia) que se insiren dentro dunha comunidade ou subcomunidade.

16. **compartición** (f)

Sin.- compartir (m)

EN.- *sharing*

Uso conxunto que varios usuarios fan dun recurso.

17. **comunicación académica** (f)

EN.- *scholarly communication*

Proceso de creación, transformación, difusión e preservación do coñecemento relacionado co ensino, a investigación e o traballo académicos, no que o profesorado e o persoal investigador comparten e publican os resultados do seu traballo de modo que os poñen ao dispor de toda a comunidade académica.

18. **comunidade** (*f*)

EN.- community

Primeiro nivel de organización de contidos nun repositorio institucional, que adoitan corresponderse con entidades administrativas da propia organización, ou con grandes ámbitos de traballo (documentos de investigación, documentos para a docencia...)

19. **copyleft** (*f*)

EN.- copyleft

Forma de licenzar un produto que se basea en permitir a distribución libre de copias e versións modificadas del, sempre que os produtos que se desenvolvan a partir do primeiro se distribúan con esta mesma licenza.

20. **copyright** (*f*)

EN.- copyright

Vertente da propiedade intelectual que lle dá a un creador ou propietario do dereito a permitir (ou a non facelo) a utilización que se poida facer da súa obra, explotándoa comercialmente durante un período de tempo determinado.

21. **datos abertos** (*m pl*)

EN.- open data

Datos que calquera é libre de utilizar, reutilizar e redistribuír, co único límite, no seu caso, do requisito de atribución da súa fonte ou recoñecemento da súa autoría.

22. **dereitos de propiedade intelectual** (*m pl*)

EN.- intellectual property rights; IPR

Conxunto de dereitos de carácter persoal e/ou patrimonial

que lle atribúen ao autor e a outros titulares a disposición e explotación das súas obras e prestacións.

23. editorial (*f*)

Sin.- editor -ra (*s*)

EN.- *publisher*

Entidade que ten como finalidade darlle difusión pública aos resultados de investigación.

24. editorial en acceso aberto (*f*)

Sin.- editor -ra en acceso aberto (*s*)

EN.- *open access publisher*

Editorial que publica todos os seus artigos como de acceso aberto.

25. editorial tradicional (*f*)

EN.- *legacy publisher*

Editorial que tradicionalmente viña traballando cun modelo de negocio baseado en barreiras de pagamento.

26. factor de impacto (*m*)

EN.- *impact factor*

Medida que recolle a media anual de citacións que se fan aos artigos recentes dunha revista científica, e que se usa como indicador da importancia desta no seu ámbito de especialidade.

27. fenda de acceso (*f*)

EN.- *access gap*

Diferenza que separa ás persoas e comunidades que teñen capacidade (case sempre económica) de acceder aos reEsta es la fractura que surge en primer lugar, y que separa a aquellos que pueden acceder a las infraestructuras de

telecomunicaciones y los que están aislados, físicamente, de las redes digitales. Por supuesto esta brecha tiene un doble origen: la ausencia de infraestructura o el coste demasiado elevado de su uso.

28. **financiador -ra** (*f*)

EN.- funder

Entidade pública ou privada que achega financiamento para o desenvolvemento dunha investigación científica.

29. **handle** (*m*)

Sin.- sistema handle

EN.- handle; handle system

Sistema informático distribuído que se emprega para asignar identificadores permanentes aos elementos de información que se almacenan nun repositorio, de tal forma que sexa doado localizalos, acceder a eles e utilizalos.

30. **identificador de obxectos dixitais** (*m*)

Sin.- DOI (sg)

EN.- digital object identifier; DOI

Cadea única de texto que se emprega para identificar obxectos dixitais como artigos de revista ou paquetes de software de código aberto.

31. **impacto** (*m*)

EN.- impact

Grao de repercusión que os resultados dunha investigación acadan, tanto en ámbitos académicos como fóra deles.

32. **ítem** (*m*)

EN.- item

Unidade básica de contido e arquivo que se recolle nun

repositorio, formada normalmente por un elemento documental completo (un artigo, unha imaxe, unha infografía...) e un conxunto de metadatos que o describen e o clasifican.

33. **licenzas Creative Commons** (*f pl*)

EN.- Creative Commons licenses

Paquete de licenzas que regulan os dereitos de autores e usuarios nun marco que se sitúa entre a rigidez do copyright convencional e a liberdade total do dominio público, que pretenden aumentar a cantidade de obras que se ofrecen libremente e estimular a creación doutras novas baseadas nas orixinais reservando algúns dereitos (atribución, usos non comerciais, compartir igual...) se o autor así o decide.

34. **metadatos** (*m*)

EN.- metadata

Conxunto de datos asociados a obxectos ou sistemas de información que teñen a finalidade de describilos, xestionalos, preservalos ou facilitar o seu uso.

35. **obra orixinal** (*f*)

Sin.- obra de creación

EN.- creative work

Unidade de contido orixinal identificable como autónoma (artigo académico, fotografía, audiovisual...) sobre a cal os seus autores deñen unha serie de dereitos de propiedade intelectual.

36. **período de embargo** (*m*)

EN.- embargo period

Período de tempo que o contido do ficheiro se manterá retido

devido a dereitos de propiedade intelectual e industrial, de modo que unicamente se permitirá a visualización dos seus metadatos.

37. **propiedade intelectual** (*f*)

EN.- intellectual property; IP

Conxunto de facultades que a lei lle concede ao autor dunha obra científica, artística ou literaria, no que ten que ver coa capacidade exclusiva de publicala, modificala, explotala economicamente e dispoñer dela da forma que decida.

38. **publicación** (*f*)

EN.- publishing

Acción de darlle difusión pública aos resultados dunha investigación, con independencia de que se trate dun soporte físico ou electrónico.

39. **recursos educativos abertos** (*m pl*)

Sin.- recursos educativos de libre acceso; REA (sg)

EN.- open educational resources; OER

Materiais de ensino, aprendizaxe ou investigación que se atopan no dominio público ou que foron publicados cunha licencia de propiedade intelectual que permite a súa utilización, adaptación e distribución gratuíta

40. **repetibilidade** (*f*)

EN.- repeatability

Capacidade de repetir os resultados que se obteñen nun estudo ou nun ensaio, e os que se acadan noutro estudo independente, realizados cos mesmos métodos e baixo condicións idénticas.

41. **repositorio** (*m*)
EN.- repository
Arquivo que se emprega para depositar orixinais, e que pode ser xestionado por un particular ou unha institución.
42. **repositorio** (*m*)
EN.- repository
Conxunto de ficheiros xestionados a través dun software de control de versións.
43. **repositorio institucional** (*m*)
EN.- institutional repository
Sistema de información electrónico de acceso aberto que ten como obxectivo almacenar, preservar e difundir a produción científica e académica da institución á que dá servizo.
44. **repositorio temático** (*m*)
EN.- thematic repository
Sistema de información electrónico de acceso aberto que ten como obxectivo almacenar, preservar e difundir produción científica e académica vinculada a un campo científico determinado.
45. **reproducibilidade** (*f*)
EN.- reproducibility
Capacidade de repetir os resultados que se obteñen nun estudo ou nun ensaio, e os que se acadan noutro estudo independente, realizados cos mesmos métodos pero baixo condicións diferentes.

46. **revista en acceso aberto** (*f*)
EN.- open access journal; OAJ
Revista que publica exclusivamente artigos en acceso aberto.
47. **revista híbrida** (*f*)
EN.- hybrid journal
Tipo de revista que lles ofrece aos autores a posibilidade de colocar os seus artigos en acceso aberto a cambio dun pagamento adicional, mentres que outros artigos están protexidos por unha barreira de acceso.
48. **software de código aberto** (*m*)
EN.- open source software; OSS
Software cuxo código fonte se distribuíu a través dunha licenza na que os seus propietarios permiten que calquera persoa poida estudar, modificar e distribuír ese software calquera que sexa a súa finalidade.
49. **subcomunidade** (*f*)
EN.- sub-community
Cada un dos apartados en que se estruturan aquelas comunidades que son diversas de máis para organizarse directamente en coleccións.
50. **subscrición** (*f*)
EN.- subscription
Modelo de negocio baseado no pagamento dunha taxa fixa para acceder a un produto ou servizo, neste caso, a publicacións académicas e científicas.
51. **taxas de procesamento de artigos** (*f pl*)
Sin.- TPA (sg)
EN.- article processing charge; publication fee; APC

Taxa que se lle cobra a un autor, creador ou a unha institución para cubrir os custos de editar ou publicar un artigo, no canto de cobrala ao lector.

52. **versión de autor aceptada** (f)

Sin.- versión de autor revisada

EN.- *accepted author manuscript; postprint*

Versión dun documento que xa foi sometido ao proceso de avaliación por expertos.

53. **versión electrónica** (f)

EN.- *e-print*

Versión dixital dun documento de investigación (normalmente un artigo de revista, pero por veces unha tese de doutoramento, un relatorio, un libro ou unha parte del) que é accesible en liña desde un repositorio.

54. **versión enviada** (f)

EN.- *preprint*

Versión dun documento que aínda non foi sometido ao proceso de avaliación por expertos, que se distribúe para recibir comentarios e suxestións previas da comunidade académica.

55. **versión publicada** (f)

Sin.- versión editorial

EN.- *publisher version; version of record; VOR*

Versión final dun documento, despois de ser sometida ao proceso de avaliación por expertos, e de ser maquetada e publicada pola editorial.

